



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Mixto con número de rexistro **54490 (10/PNC-004339)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia, en particular a da central das Conchas e a das minicentraís, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 2 de outubro de 2019.

### Emenda de substitución

Substitución do punto 1 polo seguinte texto:

“1. Poñer fin á súa política de inoperancia e incumprimentos e desenvolver un estudo xurídico en profundidade que concrete os períodos de caducidade das concesións de todos os encoros con produción eléctrica no territorio de Galicia, así como calquera condicionante que puidera afectalos na liña do acordo do 8 de marzo de 2018 que recollía:

a).- Elaborar unha estratexia de actuación sobre os aproveitamentos hidroeléctricos con dereito concesional a extinguir no presente e no seguinte ciclo de planificación hidrolóxica (ata o ano 2027), na que se analicen os condicionantes xurídicos, económicos, ambientais e sociais que permitan decidir, no seu caso, a modalidade de explotación dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

b).- Continuar achegando toda a información que se solicite sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos da Demarcación Galicia-Costa.”

### **Emenda de adición**

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

“4. Poñer fin ao incumprimento do acordo plenario de xullo de 2016 (IX lexislatura) referente a: Proporcionar información sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos, que cando menos contemple o ano de remate da concesión, cláusulas sociais da concesión e cumprimento das mesmas, solicitando de ser preciso a información pertinente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 01/10/2019 11:00:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/10/2019 11:00:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **53086 (10/PNC-004228)**, sobre a adopción polo Goberno de Estado das medidas necesarias para impulsar e promover a industria da automoción, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 2 de outubro de 2019.

### Emenda de substitución

Substitución do punto 2 polo seguinte texto:

“2. Transferir a Galiza os recursos económicos necesarios para afondar nas necesidades do cambio de modelo produtivo derivadas das novas estratexias diante do cambio climático e transición enerxética do Estado e da Unión europea co fin de prever e paliar a afectación ao emprego, adaptándose ás novas necesidades coma o coche autónomo, nomeadamente o híbrido a gas e o coche autónomo.”

### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto na parte resolutiva:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Remitir toda a documentación reclamada polos grupos da oposición respecto das axudas, subvencións e colaboracións en materia de automoción e poñer fin á política de falta de transparencia e rendición de contas que caracterizou esta lexislatura.

2. Remitir á cámara un informe detallado sobre os resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción así como de todas as axudas e subvencións concedidas na presente lexislatura para este sector no que se detalle o impacto laboral.

3. Diseñar, en colaboración co sector e cos axentes sociais antes do remate de 2020 unha Estratexia galega de adaptación e modernización do sector da automoción diante das esperábeis mudanzas pola aprobación de lexislación estatal e europea en materia de cambio climático e transición enerxética, con orzamento e mecanismos de avaliación anuais onde se dea prioridade ao I+D+i e se inclúan medidas de formación e rexuvenecemento dos cadros de persoal.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 01/10/2019 10:59:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/10/2019 10:59:51**



## Á MESA DA COMISIÓN 6ª

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 7013, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de fomento da substitución xeracional no traballo autónomo, incluída na orde da sesión que esta Comisión vai celebrar o 2 de outubro de 2019. (10/PNC-000714).

### **Emenda nº 1 de Adición:**

Débese engadir no punto 1, apartado b) o seguinte subapartado:

b.7. - Desenvolverase un plan específico dedicado á consolidación do emprego autónomo feminino.

### **Emenda nº 2 de Adición**

Débese engadir no punto 1, apartado c) o seguinte subapartado:

c.4. Unha campaña de inspección específica respecto aos falsos autónomos, dotando dos medios e recursos necesarios á Autoridade Laboral, para o correcto funcionamento da mesma.

### **Emenda nº 3 de Adición**

Débese engadir un novo punto ao final da parte resolutiva:



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/10/2019 16:38:29  
Nº Rexistro: 56801  
Data envío: 01/10/2019 16:38:29.029

2.-O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que estableza mecanismos de cotización para as persoas autónomas en relación á facturación real dos seus ingresos.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 01/10/2019 16:36:32**





## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 47855 (10/PNC-003872)**, “Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos e os xeodestinos de Galicia, así como o importe máximo da axuda por entidade beneficiaria”, incluída na orde do día da sesión da Comisión 6.<sup>a</sup> do día 2 de outubro de 2019.

### **Emenda de engádegas:**

Débase engadir na parte resolutiva, un punto co seguinte texto:

“3º.- Recoméndase aos Concellos que a xestión e as actividades destinatarias das subvencións deberían ser decididas de maneira participativa nos Concellos coa participación de asociacións veciñais, culturais, sociais e deportivas, empresas turísticas e as representacións sindicais na zona dos traballadores do sector turístico.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto





**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 01/10/2019 16:38:04**

**Luis Villares Naveira na data 01/10/2019 16:38:26**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Novoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Parlamentario Mixto **10/PNC-004339(54490)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa caducidade das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos nos encoros de Galicia, en particular a da central das Conchas e a das minicentraís

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Continuar traballando na tramitación dos procedementos de extinción dos dereitos concesionais no momento de expiración dos prazos concesionais analizando os condicionantes xurídicos, económicos, ambientais e sociais que permitan decidir, de ser o caso, a modalidade de explotación daqueles, de xeito que reverta no interese público”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 01/10/2019 16:50:58**





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/10/2019 17:45:10  
Nº Rexistro: 56807  
Data envío: 01/10/2019 17:45:10.530**

**Marta Novoa Iglesias na data 01/10/2019 16:51:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROh2Wnyou09  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DA COMISIÓN 6ª.

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular, doc. núm. 53086, sobre a adopción polo Goberno de Estado das medidas necesarias para impulsar e promover a industria da automoción, incluída na orde do día da sesión que está Comisión vai celebrar o 2 de outubro de 2019.(10/PNC-004228).

Emenda de Adición:

Débase engadir a o final da parte resolutiva o seguinte:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un plan estratéxico do automóbil centrado nos cambios inminentes no sector que centre de maneira prioritaria as axudas ao I+D+i ao desenvolvemento dos vehículos eléctricos, así como aos autónomo e conectados.
2. *Establecer unha liña de investimento público-privada que conte coas universidades galegas para **desenvolver novas tecnoloxías de baterías en Galicia.***
3. Comprometerse a que as renovacións de flota da administración se fagan con coches eléctricos.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/10/2019 17:49:21  
Nº Rexistro: 56810  
Data envío: 01/10/2019 17:49:21.677

4. Deseñar una rede pública de puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 01/10/2019 17:48:37**



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, núm. 53086 (10/PNC-004228)**, “Sobre a adopción polo Goberno do Estado das medidas necesarias para impulsar e promover a industria da automoción”, incluída na orde do día da sesión da Comisión 6.<sup>a</sup> do día 2 de outubro de 2019.

### **Emenda de supresión:**

Débense suprimirse os puntos 2º e 4º da parte resolutive da iniciativa.

### **Emenda de engádegas:**

Débense engadir na parte resolutive, os seguintes puntos:

1.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver que cada segmento de vehículos teña unha plataforma única coas mellores calidades para aloxar a modelos de carácter ecolóxico, xa fosen híbridos, híbridos enchufables, eléctricos ou de pila de combustible de hidróxeno. Isto supón un aforro de custos, tempo e enerxía do que se benefician todos os modelos, ademais dunha base ideal para que estes modelos consigan o máximo rendemento enerxético.

2.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver a redución de peso dos automóbiles a



través do emprego de novos materiais. Desde o punto de vista do consumo de combustible e as emisións, o primeiro inimigo dun automóbil é o peso. Entre eles promover a utilización do aluminio en moitas partes da carrozaría dos coches.

3.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver as tecnoloxías e a fabricación de baterías. Á hora de reducir peso e de conseguir rendemento para o motor eléctrico, a batería é o elemento que marca a diferenza.

4.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver mecánicas máis eficientes, como as transmisións de dobre embrague e outras.

5.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver melloras no rendemento da resistencia que produce o rozamento contra o aire dun coche en movemento.

6.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver un uso innovador de materiais reciclados e de biomateriais respectuosos co medio ambiente.

7.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de mellorar a súa reciclabilidade e desenvolver deseños e tecnoloxías que faciliten o desmonte e separación de pezas ao final da súa vida útil, empregando modelación en 3D.

8.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver un centro de innovación sobre a reciclaxe eficiente de vehículos.





9.- Instar á Xunta de Galicia a promover con incentivos e estratexias no sector do automóbil co obxectivo de desenvolver sistemas de produción de vehículos e os seus compoñentes con menor consumo de enerxía. Do mesmo xeito para reducir a pegada de carbono desde a primeira fase de produción até a entrega ao usuario.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 01/10/2019 17:49:52**

**Luis Villares Naveira na data 01/10/2019 17:50:51**



## Á Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a adopción polo Goberno de Estado das medidas necesarias para impulsar e promover a industria da automoción (10/PNC-004228, doc. núm. 53086).

### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para:

1.1. Impulsar, a través do Plan Estratéxico de Apoio Integral ao Sector de Automoción, a colaboración ca industria da automoción galega, co obxectivo de promover un sector competitivo, sustentable e que desenvolva tecnoloxías de propulsión baixas en emisións e vehículos propulsados con enerxías alternativas, en liña co seu compromiso coa mobilidade sustentable, así como o avance cara ao vehículo autónomo e conectado que permita unha condución máis segura e eficiente. Así na Mesa de Mobilidade Sostible ou nos grupos de traballo existentes ao efecto, o sector da automoción galego (tanto das asociación empresariais como dos sindicatos representativas), debe ter unha participación, como mínimo, nunha porcentaxe similar á súa contribución á capacidade produtiva de España.

1.2. Impulsar os investimentos especialmente orientados a I+D+i, a produción de modelos máis sostibles.

1.3. Incentivar unha maior penetración de vehículos en baixas emisións, a través de medidas de estímulo á demanda, novos plans de achatarramento e implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos.



- 1.4. Proceder á revisión da fiscalidade para definir unha fiscalidade máis verde e orientada a unha mobilidade con menores emisións contaminantes.
2. Establecer unha liña de axudas destinada á instalación de estacións de repostaxe para vehículos eléctricos e de combustibles alternativos, tal e como veñen realizando outras comunidades autónomas.
3. Impulsar á colaboración público - privada para o desenvolvemento de programas formativos que conxuguen formación e prácticas ou traballos en empresas do sector.”

Pazo do Parlamento, 01 de outubro de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/10/2019 18:10:15**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2019 18:10:27**



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, núm. 54174 (10/PNC-004319)**, “Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas intencións de venda de Ferroatlántica a un fondo estadounidense e o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás condicións das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos”, incluída na orde do día da sesión da Comisión 6.<sup>a</sup> do día 2 de outubro de 2019.

### **Emenda de modificación:**

Debe modificarse os punto 1 e 4 da parte resolutiva da proposta:

1.- Esixir de Ferroatlántica e ao fondo de inversión TPG Sixth Street Parnerts a presentación dun plan de viabilidade na operación que as empresas pretende levar adiante para dar cumprimento ás distintas resolucións da propia Xunta de Galiza, da sentenza do TSXG e das propias palabras do Presidente da Xunta de Galiza no Parlamento Galego. A execución efectiva deste plan sería unha cláusula suspensiva do acordo realizado entre as dúas empresas.

O Plan de viabiliade contemplará como mínimo os seguintes compromisos:

- O comprador exixirá ao vendedor a retirada do recurso presentado contra a resolución de Augas de Galicia do ano 2017. Deixando clara a imposibilidade da segregación de actividades e a perda da concesión das centrais hidráulicas se isto non se cumplice, dando cumprimento a todas as sentencias xudiciais que así o corroboran.



- Procederase de maneira inmediata a retirada do ERTE, neste momento en suspenso.
- O contrato de compra de materias primas e venda de productos elaborados entre TPG Sixth Street Parnerts e Ferroglobe se extenderá por un mínimo de 10 anos prorrogables, sempre en condicións de mercado e como mínimo similares as que Ferroglobe teña co resto das suas factorías. Non obstante TPG Sixth Street Parnerts terá a partir do primeiro ano posterior ao contrato de compraventa a posibilidade de realizar operacións de compra venda con outros operadores do sector que lle ofrezcan mellores condicións económicas ou comerciais. Neste sentido TPG Sixth Street Parnerts terá prioridade para a obtención de concesións por parte da Xunta de Galicia para a explotación de minas de cuarzo como contrapartida aos compromisos asumidos neste plan de viabilidade.
- TPG Sixth Street Parnerts garantirá a competitividade das suas factorías de ferroalixes, incluíndo a posibilidade de baixar os seus custos de produción recurrido ao autoconsumo da enerxía eléctrica producida nas centrais propiedade da empresa nos ríos Xallas e Grande. Esta garantía cubrirá como mínimo o 85% da produción en momentos de dificultade do mercado. Para poder dar cumprimento a esta posibilidade, a empresa actualizará as conexións en alta tensión entre as centrais e as factorías para que sexa técnicamente posible.
- A empresa participará nas subastas de interrumpibilidade ou sistema que o poidera substituír cunha petición de bloques de potencia que garantan o funcionamento de todos os fornos das factorías.
- No documento de compra-venda se especificará un plan de inversións obrigatorio para a actualización e optimización das factorías por un importe mínimo de 25 M€ en 5 anos.
- Nesta liña e tendo en conta a posible mellora do mercado de ferroaleacións, o comprador comprométese a estudar unha ampliación das factorías.
- O comprador deberá subrogarse en todos os compromisos laborais, mantemento de plantillas, plan de pensións, etc. Da mesma maneira



desenvolverá un plan de RSC para colaborar no desenvolvemento social e económico da Costa da Morte.

- A nova empresa resultante da venda terá a súa sede social en Galicia.

4.- Desenvolver os informes e actuacións legais necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica e no seu caso TPG Sixth Street Parnerts garantan a viabilidade das plantas en Cee-Dumbría, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión. De non cumprirse, a Xunta de Galiza comprométese a desenvolver o proceso de reversión destas.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 01/10/2019 18:23:34**

**Francisco Casal Vidal na data 01/10/2019 18:23:40**



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á **Proposición non de lei en Comisión do Grupo Común da Esquerda sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa posible venda de Ferroatlántica e as intencións da empresa de segregrar as plantas e as centrais hidroeléctricas**  
**Documento: 55093**

### **Emenda de substitución:**

Debe substituírse o punto 3 da parte resolutiva da proposta:

3.- Esixir de Ferroatlántica e ao fondo de inversión TPG Sixth Street Parnerts a presentación dun plan de viabilidade na operación que as empresas pretende levar adiante para dar cumprimento ás distintas resolucións da propia Xunta de Galiza, da sentenza do TSXG e das propias palabras do Presidente da Xunta de Galiza no Parlamento Galego. A execución efectiva deste plan sería unha cláusula suspensiva do acordo realizado entre as dúas empresas.

O Plan de viabiliade contemplará como mínimo os seguintes compromisos:

- O comprador exixirá ao vendedor a retirada do recurso presentado contra a resolución de Augas de Galicia do ano 2017. Deixando clara a imposibilidade da segregación de actividades e a perda da concesión das centrais hidráulicas se isto non se cumplise, dando cumprimento a todas as sentencias xudiciais que así o corroboran.
- Procederáse de maneira inmediata a retirada do ERTE, neste momento en suspenso.



- O contrato de compra de materias primas e venda de productos elaborados entre TPG Sixth Street Parnerts e Ferroglobe se extenderá por un mínimo de 10 anos prorrogables, sempre en condicións de mercado e como mínimo similares as que Ferroglobe teña co resto das suas factorías. Non obstante TPG Sixth Street Parnerts terá a partir do primeiro ano posterior ao contrato de compraventa a posibilidade de realizar operacións de compra venda con outros operadores do sector que lle ofrezcan mellores condicións económicas ou comerciais. Neste sentido TPG Sixth Street Parnerts terá prioridade para a obtención de concesións por parte da Xunta de Galicia para a explotación de minas de cuarzo como contrapartida aos compromisos asumidos neste plan de viabilidade.
- TPG Sixth Street Parnerts garantirá a competitividade das suas factorías de ferroalixes, incluíndo a posibilidade de baixar os seus custos de produción recurrido ao autoconsumo da enerxía eléctrica producida nas centrais propiedade da empresa nos ríos Xallas e Grande. Esta garantía cubrirá como mínimo o 85% da produción en momentos de dificultade do mercado. Para poder dar cumprimento a esta posibilidade, a empresa actualizará as conexión en alta tensión entre as centrais e as factorías para que sexa tecnicamente posible.
- A empresa participará nas subastas de interrumpibilidade ou sistema que o poidera substituír cunha petición de bloques de potencia que garantan o funcionamento de todos os fornos das factorías.
- No documento de compra-venda se especificará un plan de inversións obrigatorio para a actualización e optimización das factorías por un importe mínimo de 25 M€ en 5 anos.
- Nesta liña e tendo en conta a posible mellora do mercado de ferroaleacións, o comprador comprométese a estudar unha ampliación das factorías.
- O comprador deberá subrogarse en todos os compromisos laborais, mantemento de plantillas, plan de pensións, etc. Da mesma maneira desenvolverá un plan de RSC para colaborar no desenvolvemento social e económico da Costa da Morte.





- A nova empresa resultante da venda terá a sua sede social en Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal  
Luís Villares Naveira  
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 01/10/2019 18:27:28**

**Luis Villares Naveira na data 01/10/2019 18:27:33**

